

Obradoiros de escrita creativa contra as violencias de xénero

“SANDAR A FENDA PATRIARCAL”

Impartidos por Andreia Costas, escritora e audiovisual.

Colabora Asociación Mulleres e Palabras

8 e 15 de setembro (de 17:30 a 19:30)

Museo Liste - Etnográfico de Vigo

Obradoiros literarios impartidos por Andreia Costas e realizados en colaboración coa Asociación Mulleres e Palabras que ven traballando co Museo dende hai tempo en diversas propostas e que constitúe, dentro do movemento asociacionista, un activo instrumento de cambio fronte ás violencias machistas promovendo a visibilización do papel social da muller e alentando a súa participación na comunidade.

Obxectivos:

Con esta experiencia formativa trátase de conseguir, a través da escrita creativa, sandar a fenda patriarcal individual como traballo de empoderamento feminista global acadando os seguintes obxectivos:

- Xerar conciencia e coñecemento.
- Sensibilizar e informar sobre a necesidade dun reparto equitativo do traballo no fogar e dos coidados.
- Estudar os aspectos de prevención, protección e reparación en materia de violencia de xénero.
- Visibilizar, sensibilizar e prever sobre outras formas de violencia contra as mulleres.
- Crear un espazo de confianza para as mulleres onde poidamos escoitarnos unhas a outras e comprendamos que non son problemas individuais, son problemas da sociedade patriarcal e esta temos que erradicala.

Metodoloxía:

- Reflectir na escrita a experiencia de feridas, traumas, discriminacións machistas e traballar en pro da igualdade e os dereitos das mulleres.
- Utilizar unha linguaxe inclusiva que modifique a sociedade no seu pensamento machista deconstruíndo a masculinidade hexemónica.
- Realizar exercicios de consciencia plena de movemento e respiración (técnicas de mindfulness, biodinámica, biodanza e meditación) que propician o movemento vital e intelectual movendo os marcos dos estereotipos de xénero.
- Fomentar a conciencia de grupo con xogos literarios, lecturas e discusións.
- Afondar nos textos de figuras literarias tan distales como Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, que representan dous modelos diferenciados de escritoras dende unha interpretación feminista. Este será o punto de partida para un discurso de conciliación entre os diferentes bloques e posicións feministas dende a creación e o respecto.